

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 19 de xullo de 2012</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dezanove horas do día dezanove de xullo do ano dous mil doce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Mouriño Villar, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Mónica Vázquez Blanco e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Xoán Xosé Jardón Pedras, do Grupo do BNG.

Non asisten os deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández do Grupo Popular e don Leopoldo Rodríguez Puga do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión, convocada por resolución da Presidencia do día 16 de xullo de 2012, procédese ó tratamento do asunto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**ÚNICO.- RENUNCIA DO DEPUTADO PROVINCIAL DON XAN XOSÉ JARDÓN PEDRAS O CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL**

O Sr. secretario dá lectura ó escrito de renuncia presentado por don Xan Xosé Jardón Pedras, de data 12 de xullo de 2012.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, quere darlle as grazas ó Sr. Jardón Pedras, afirmando que nos anos que leva en política de vez en cando tivo a oportunidade de coñecer a persoas que pagan a pena e que o Sr. Jardón é unha delas.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 19 de xullo de 2012</b>
--

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, agradécelle ó Sr. Jardón o traballo realizado desde a oposición ó equipo de goberno e deséxalle sorte, engadindo que quere aproveitar esta intervención para reivindicar-la política por enriba de todo, xa que casos como o do Sr. Jardón demostran que hai xente que se dedica a isto de forma altruísta.

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG**, agradece as palabras dos demais grupos e manifesta o seu agradecemento ó trato recibido durante este tempo, tanto a nivel persoal como do grupo ó que tivo a honra de representar na súa condición de portavoz. Quere que este agradecemento se faga extensivo tanto ó resto dos deputados e deputadas como ós traballadores e traballadoras da Institución. Di que a vida continúa e que seguirá a disposición dos presentes para o que poidan precisar.

O **Sr. presidente** recoñece a sensatez e o traballo realizado a favor de Ourense polo Sr. Jardón ó que lle desexa os mellores éxitos no futuro.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don Xan Xosé Jardón Pedras, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.

E, ás 19:10 horas do citado día dezanove de xullo do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**